

4 - 5 - 6 de maio de 2023**10 DE MARZO**

Dirección: Roi Cagiao
 Documental
 España, 2022 - 80 min (VO)
 NON RECOMENDADA MENORES DE 7 ANOS
 **Charla - coloquio o xoves 4 de maio

11 - 12 - 13 de maio de 2023**LA CAMARISTA**

Dirección: Lila Avilés
 Con Gabriela Cartol, Teresa Sánchez
 México, 2018 - 102 min (VO)
 APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS
 **Charla - coloquio o venres 12 de maio

18 - 19 - 20 de maio de 2023**TORI ET LOKITA**

Dirección: Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne
 Con Mbundu Joely, Alban Ukaj
 Bélxica, 2022 - 89 min (VOSE)
 NON RECOMENDADA MENORES DE 16 ANOS
 **Charla - coloquio o venres 19 de maio

25 - 26 - 27 de maio de 2023**İKİ ŞAFAK ARASINDA****(ENTRE DOUS AMENCERES)**

Dirección: Selman Nacar
 Con Mücahit Koçak, Nezaket Erden
 Turquía, 2021 - 91 min (VOSE)
 NON RECOMENDADA MENORES DE 12 ANOS
 **Charla - coloquio o venres 26 de mai

* **HORARIO:** xoves e venres ás 20:00 h, sábados ás 17:30 h e 20:00 h
 * Unha vez comenzada a proxección non se permitirá acceder á sala.

* **PREZO:** 3,00 € (carne xoven, + 65 anos, persoas desempregadas: 2,00 €)
 Sesión do espectador: sábados ás 17:30 h, 1,50 €

* Para acceder aos descontos é imprescindible presentar o documento que acredite o desconto no momento de comprar a entrada e de entrar na sala.

*** VENDA DE LOCALIDADES:**

- Despacho de billetes de Plaza Ourense: de luns a venres (excepto festivos) de 11.00 a 15.00 e de 16.30 a 19.30 h.

- Despacho de billetes de Fórum Metropolitano: días de proxección desde media hora antes (únicamente se quedan entradas dispoñibles)

- Vend

a online: www.ataquilla.com

**XV CICLO DE CINEMA OBREIRO
SAINDO DA FÁBRICA**

FORUM METROPOLITANO

Este 2023 o ciclo de cinema obreiro **Saindo da Fabrica** cumpre 15 anos, mostrando dende o cinema a realidade da clase obreira dende diversos puntos de vista e visualizando unhas realidades que poucas veces se mostran no cine. Son realidades incómodas, pero existen e hai que mostralas para ser conscientes da nosa situación e buscar maneiras de como mudar estas realidades, de miseria, marxinalidade, precariedade e explotación. Por iso durante estes 15 anos, organizamos debates despois das películas, para compartir entre todas e todos as nosas experiencias e atopar alternativas aos nosos problemas.

Que este ciclo cumpra 15 anos, non sería posible sen o gran traballo das persoas traballadoras do Forum e das persoas que se prestaron a introducir as películas e debates. A todas e todos moitísimas grazas.

Este ano comezamos con unha película que narra un dos feitos fundamentais na historia do movemento obreiro en Galiza e que marcaron e forxaron a lume a clase obreira galega. **10 de marzo** titúlase este filme, que narra os feitos dramáticos que aconteceron en Ferrol no ano 1972 onde foron asasinados os traballadores Daniel Niebla e Amador Rei e onde moitos traballadores foron feridos de bala, torturados e detidos.

Continuaremos con unha película mexicana titulada **La Camarista**, que narra a historia dunha traballadora nun hotel como camareira de pisos, sendo un gran retrato da situación laboral que padecen estas traballadoras. Seguiremos coa película dos irmáns Dardenne **Tori et Lokita** onde nos amosan co seu estilo característico a realidade da pobreza e da inmigración en Bélxica. Para finalizar o ciclo, contaremos coa película turca titulada **İki Şafak Arasında** (Entre dous amenceres) onde mostra por medio dun accidente laboral a realidade laboral nese país.

Como cada ano continuaremos cos nosos debates dos venres despois da película para seguir compartindo as nosas experiencias, buscando alternativas e reflexionando sobre as realidades que vivimos e padecemos neste sistema.

Adolfo Naya
 Coordinador do ciclos.

**** AVISO: adiántase ao xoves 4 de maio o debate que teremos ao finalizar a proxección do título "10 de marzo"**